## PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

| | |
|---|---|
| NÚMERO EXPEDIENTE | **2024026778** |
| ASUNTO | **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DA SUBMINISTRACIÓN DE 10.000 CAMISETAS PARA O PROGRAMA +CONVIVENCIA** |
| TRÁMITE | Incoación del expediente |

**O Presidente, en virtude das competencias atribuídas no artigo 105 da Lei 5/1997 así como no artigo 34 da Lei 7/1985 e disposicións concordantes, dita a seguinte PROVIDENCIA**

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP

### 1. NECESIDADE E IDONEIDADE*

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

A base do protocolo é a cortesía e o bo facer, polo que podemos dicir que o agasallo de protocolo ou institucional, é aquel que transmite o modo ou a forma no que a empresa ou as persoas que a representan, comunican e relaciónanse co exterior dunha forma correcta e exitosa.

O programa "+Convivencia" ten como obxectivo crear espazos de participación para as entidades da provincia de Pontevedra nos que poidan compartir experiencias e poñer en valor o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade. Nestas accións participarán as entidades de iniciativa social, asociacións de mulleres, asociacións de maiores, asociacións veciñais e culturais e ANPA con sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):U8HPQBVYABBHTMF5

Deputación Pontevedra

Así, este programa configúrase como un instrumento encamiñado ao fomento da participación, da convivencia e a cohesión social dos distintos colectivos sociais da provincia de Pontevedra, ofrecéndolle alternativas de ocio e tempo de lecer á poboación, impulsando a convivencia e o intercambio de experiencias, ao tempo que se garante a igualdade de oportunidades de colectivos con discapacidade. Paralelamente favorecerá a dinamización do tecido empresarial local en canto á contratación de pequenas e medianas empresas de autocares, restauración, axencias de viaxes etc. da contorna.

Para repartir entre os participantes a estas actividades socioculturais considérase necesario a contratación da subministración de camisetas coa actual imaxe corporativa e do programa.

Por tal motivo, a Deputación de Pontevedra pretende levar a cabo a firma dun contrato de subministración de 10.000 camisetas coa imaxe do programa "+Convivencia" e co logo de Deputación, segundo modelo e características fixadas pola institución provincial.

O orzamento base de licitación do contrato fíxase en 36.300,00 euros IVE engadido, importe que poderá ser satisfeito con cargo á aplicación orzamentaria 24/924.9200.226.01 "Atencións protocolarias institucionais" do vixente orzamento provincial.

Como consecuencia, dada a imposibilidade de realizar dito traballo na Deputación Provincial por carecer dos recursos necesarios, faise obrigatorio recorrer a empresas externas para o bo fin que se pretende.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):U8HPQBVYABBHTMF5

| 2. SERVIZO SOLICITANTE*: | |
|---|---|
| COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL | |
| **Responsable do contrato:** | Rebeca Domínguez Pérez |
| **Responsable da Administración:** | Rebeca Domínguez Pérez |

<table>
<tr><th colspan="3">3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES*:</th></tr>
<tr><td>Denominación do contrato:</td><td colspan="2">Subministración de 10.000 camisetas para o programa +convivencia</td></tr>
<tr><td>Obxecto e contido:</td><td colspan="2">A subministración de 10.000 camisetas serigrafiadas para distribuír entre os participantes do programa “+ convivencia”.<br><br>O obxecto do contrato considérase completo, susceptible de execución independente e non se observa elemento algún que sexa indicativo de fraccionamento de contrato.</td></tr>
<tr><td>CPV:</td><td colspan="2">24/924.9200.226.01 “Atencións protocolarias institucionais”</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Lotes</td><td>☐ SI</td><td></td></tr>
<tr><td>x NON:</td><td>Xustificación:<br>Evita a descoordinación que pode producirse ao tratar con un único adxudicatario.<br>Reduce o tempo de resolución de problemas pola desaparición de intereses de diferentes empresas e lotes.</td></tr>
</table>

| 4. TRAMITACIÓN PROPOSTA*: | |
|---|---|
| **Tramitación proposta:** | x ORDINARIA ☐ URXENTE<br>No caso de tramitación urxente, motivación: |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):U8HPQBVYABBHTMF5

| | |
|---|---|
| **Tramitación anticipada:** | ☐ SI x NON |
| **Incluído no plan anual de contratación:** | ☐ SI X NON |

| 5. FINANCIACIÓN*: | | |
|---|---|---|
| **Anualidade** | **Aplicación orzamentaria** | **Importe total (co IVE)** |
| **2024** | 24/924.9200.226.01 "Atencións protocolarias institucionais" | **36.300,00 €** |

| 6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN*: | |
|---|---|
| **Prazo de execución/duración do contrato:** | 20 días naturais contar desde a súa sinatura. |
| **Posibles prórrogas nos contratos de duración:** | ☐ SI x NON<br>Número de prórrogas:0<br>Duración de cada prórroga: 0 |

| 7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: | |
|---|---|
| **CONCEPTO** | **CUSTO** |
| 1. **Custos totais** | 30.000,00 € |
| 2. **IVE ( 21%)** | 6.300,00 € |
| **TOTAL** | 36.300,00 € |

**XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS***

Atendendo aos servizos que se requiren, a actividade está acorde cos prezos do mercado.



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):U8HPQBVYABBHTMF5

| 8. RÉXIMEN DE PAGOS*: |
|---|
| O prezo unitario de cada camiseta é de 3 euros mais IVE. O pagamento realizarase contra a emisión da correspondente factura polos traballos realizados .O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade da subministración co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP. |

| 9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS*: | |
|---|---|
| Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001) | Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría_____ |
| X Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001) | ☐ SI : Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría_____ |
| | x NON: O código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001. |
| ☐ Non procede | (Outros contratos ou para o caso de tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado) |

| 10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA*: | |
|---|---|
| Habilitación empresarial ou profesional específica | ☐ SI : Especificación e explicación: |
| | x NON |
| **SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA** | |
| x O aplicable en defecto de previsión | |
| ☐ Outros | **Determinación:** |
| | **Xustificación:** |



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):U8HPQBVYABBHTMF5

| | |
|---|---|
| ☐ Non procede | (Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado) |
| **SOLVENCIA TÉCNICA** | |
| x O aplicable en defecto de previsión | |
| ☐ Outros | **Determinación:** |
| | **Xustificación:** |
| ☐ Non procede | (Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado) |
| **COMPROMISO DE MEDIOS** | |
| | |

## 11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

| | |
|---|---|
| **Criterio:** | Menor prezo. En caso de empate acudirase ao sorteo |
| **Xustificación:** | O prezo é o factor determinante da adxudicación , xa que os servizos están expresamente definidos e non é posible variar os prazos de entrega nin introducir modificacións significativas no contrato. |

Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e conteño do contrato para satisfacelas.

## Dispongo,

Primeiro.- Iniciar o expediente para a contratación da subministración de 10.000 camisetas do programa +Convivencia.

Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

Asinado electronicamente ao marxe.

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 19/04/2024 13:20

Firmado por: REBECA DOMINGUEZ PEREZ - ***1885**
Cargo: Xefa de servizo de Comunicación Institucional
Data: 19/04/2024 10:26



Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):U8HPQBVYABBHTMF5